



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Galego\_ Novembro 2019

REHABILITACIÓN |

## O Consorcio intervira nas igrexas de San Martiño Pinarío, San Frutuoso e Santas Mariñas

No marco do programa de restauración de monumentos do Consorcio de Santiago, o organismo acaba de licitar varias obras. Na **igreja de San Martiño Pinarío** vanse reparar as cubertas das capelas; na **igreja de San Frutuoso** intervira no tellado, limpanse as fachadas e o campanario; e na **capela de Santas Mariñas de Sar** reparase o tellado, renovase a pintura das fachadas e reparase o revestimento de madeira do muro á rúa.



Igrexa de San Martiño Pinarío

## Na procura de cidades históricas sustentables

O Consorcio participa no proxecto europeo "AtlaS-WH", centrado na xestión sostible das Cidades Patrimonio da Humanidade incluídas na Área Atlántica. No marco deste proxecto, celebrouse en Santiago o "4º Encontro Internacional". Os socios participantes no mesmo -cidades de Porto, Santiago, Burdeos, Edimburgo e Florencia- avanzan na consecución de melloras de xestión e na definición de estratexias que permitan lograr cidades históricas sustentables dende o punto de vista económico, social e medioambiental.



PUBLICACIONES |

## Publícase unha edición facsimilar da derradeira novela de Rosalía de Castro, "El primer loco"

O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora acaban de sacar á luz unha edición facsimilar e ilustrada da derradeira novela de Rosalía de Castro, *El primer loco*. Incorpora un magnífico estudo introdutorio, elaborado polos especialistas María do Cebreiro Rábade e Germán Labrador.

Por outro lado, o Consorcio e Andavira Editora publican *Los Cedeira. Arte de la platería en Compostela (siglos XVI-XVII)*, unha obra da historiadora Diana Dúo. Céntrase nunha familia de prateiros portugueses que se asentaron en Santiago, cunha intensa actividade profesional.



MÚSICA |


## Dous concertos con "O Mesías" participativo de Haendel

A Real Filharmonía de Galicia ofrecerá catro concertos en decembro. Os días 12 e 13 interpretarase *O Mesías* participativo de Haendel, en colaboración coa Obra Social La Caixa; coa soprano Lisa Wilson, a contralto Catherine Hopper, o tenor Guy Cutting, o baixo Morgan Pearse e o coro Barcelona Ars Nova, xunto ás voces de coros afeccionados e baixo a batuta de Robert Howarth. O 19 en Santiago e o 20 en Ferrol, o mestre Jaime Martín dirixirá obras de Mozart e Brahms.

A estrea da ópera *A amnesia de Clío* de Fernando Buide, en coprodución con Voadora, recibiu o aplauso do público e da crítica. Con dirección escénica de Marta Pazos e libreto de Fernando Epelde, representouse en Santiago, A Coruña e Ourense (neste caso en versión concerto).

## O trompetista Pacho Flores presenta o disco "Cantos y Revueltas", gravado xunto á RFG

*Cantos y Revueltas* é o novo disco do trompetista Pacho Flores, gravado para o selo Deutsche Grammophon xunto á Real Filharmonía de Galicia e o cuatrista Leo Rondón, baixo a batuta do mestre Manuel-Hernández-Silva. É un dobre CD-DVD que inclúe o vídeo do concerto de gravación e diversos extras con entrevistas que relatan todo o proceso.



A soprano Lisa Wilson

